

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2020.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta e tres minutos do día vinte e catro de febreiro do ano dous mil vinte, réunese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta M^a Iglesias Becerra, D. Carlos Liñares Gestal e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 17 DE FEBREIRO DE 2020.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezasete de febreiro de dous mil vinte, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 17 de febreiro de 2020.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Orde do 31 de decembro de 2019, da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento CT211B). DOG núm. 34 do 19-02-2020.
- Resolución do 17 de febreiro de 2020, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos de formación continua para o persoal dos corpos da policía local dos concellos de Galicia. DOG núm. 34 do 19-02-2020.
- Resolución do 17 de febreiro de 2020, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos de formación continua para o persoal das agrupacións de voluntarios/as de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 36 do 21-02-2020.

Código do documento	Código do expediente
USG14I0080	USG/2020/42
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4R53 2G34 6Z1M 3B4S 0N1T	

C.I.F. P-1503100-H

- Resolución do 17 de febreiro de 2020, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos de formación continua para os servizos de extinción de incendios e salvamento, grupos de emerxencias supramunicipais e servizos municipais de protección civil e emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 36 do 21-02-2020.
- Resolución do 17 de febreiro de 2020, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos descentralizados para realizar 14 edicións do curso básico de protección civil. DOG núm. 36 do 21-02-2020.
- Resolución do 17 de febreiro de 2020, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos descentralizados no ámbito da formación continua para o persoal das agrupacións de voluntarios/as de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 36 do 21-02-2020.
- Anuncio do 3 de febreiro de 2020, do Concello de Culleredo, relativo á xestión de biomasa. Expediente UME/2018/194. BOP núm. 36 do 21-02-2020.
- Orde do 17 de febreiro de 2020, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, pola que se trasladan as ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas e bacharelato do IES Universidade Laboral ao IES Rego da Trabe, ambos do Concello de Culleredo. DOG núm. 37 do 24-02-2020.
- Anuncio do 4 de febreiro de 2020, do Concello de Culleredo, relativo a delegación das funcións da alcaldía, por motivos de indisposición, na primeira tenente de alcalde, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, o día 30-01-2020 desde a hora da sinatura da resolución ata a reincorporación do Sr. alcalde. BOP núm. 33 do 18-02-2020.
- Resolución núm. 5273 do 13 de febreiro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a modificación das Bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña durante o ano 2020. BOP núm. 33 do 18-02-2020.
- Anuncio do 14 de febreiro de 2020, da Xunta Electoral Provincial da Coruña, relativo ás Eleccións ao Parlamento de Galicia 2020, se prorroga o mandato da Xunta Electoral Provincial da Coruña que actuou nas anteriores eleccións xerais, indica a súa composición e o horario habitual da secretaria da Xunta. BOP núm. 33 do 18-02-2020.
- Anuncio do 21 de xaneiro de 2020, do Concello de Culleredo, relativo a delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, do día 22 ao 24 de xaneiro de 2020, ambos os dous incluídos. BOP núm. 35 do 20-02-2020.
- Anuncio do 13 de febreiro de 2020, do Concello de Culleredo, relativo a delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, o día 13 de febreiro de 2020 desde as 15.00 ata as 23.59 horas. BOP núm. 35 do 20-02-2020.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Méndez Sánchez dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellería delegada de Participación cidadá, educación e medio rural:

"ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

EDUCACULLEREDO 2019/2020

A) ACTIVIDADE: Obradoiro de cine en 3-D.

Programa: Educación musical e artística.

Datas: 27 de febreiro.

Horario: de 10:00 a 12:30 h.

Colexios participantes: IES Blanco Amor e CPR Rías Altas.

Código do documento	Código do expediente
USG14I008O	USG/2020/42
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 4R53 2G34 6Z1M 3B4S 0N1T	

Curso: 2º e 3º de ESO.
Nº participantes: 180.
Lugar: Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples.

B) ACTIVIDADE: Comigo non contes, plástico;

Programa: Educación ambiental.
Datas: 27 de febreiro.
Horario: de 9:50 a 12:20 h.
Colexios participantes: CEIP Ría do Burgo.
Curso: 5º EP.
Nº participantes: 26.
Lugar: Aula de Natureza e Paseo marítimo.”

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta a Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Política social, mocidade a promoción do deporte:

C.I.F. P-1503100-H

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
13/02/20	238	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	S.G.F.	Pago do recibo de luz correspondente ao período de 03 de novembro de 2019 a 30 de novembro de 2019.	31,67 €
13/02/20	239	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M.U.L.G	Pago do recibo de luz correspondente ao período de 03 de xaneiro de 2019 a 03 de abril de 2019, que lle será aboado mediante talón bancario nominativo.	109,49 €
13/02/20	240	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M.A.P.	Pago do recibo de luz correspondente ao período de 04 de outubro a 31 de outubro de 2019. Pago do recibo de gas correspondente ao período de 04 de outubro de 2019 a 31 de outubro de 2019, que lle será aboado mediante talón bancario nominativo.	50,71 € 29,93€
13/02/20	241	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	T.L.F.S	Pago do recibo de luz correspondente ao período de 13 de outubro.	11,71 €
13/02/20	242	Autorización, disposición,	A.G.P.	Pago do recibo de luz	108,12 €

Código do documento	Código do expediente
USG14I0080	USG/2020/42
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 4R53 2G34 6Z1M 3B4S 0N1T	

		recoñecemento e orden de pago.		correspondente ao período de 06 de febreiro de 2019 a 31 de agosto de 2019, que lle será aboado mediante talón bancario nominativo.	
13/02/20	243	Conceder unha axuda económica	N.L.V.V.	Pago de alugueiro correspondente aos meses de decembro 2019 75€, de xaneiro a maio de 2020 200€/mes, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,00 €

2.2.3.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta a Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Desenvolvemento local, cultura, festas e turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

LUNS 24 DE FEBREIRO

Entorno da igrexa parroquial de San Silvestre de Veiga. A partir das 12.30 h ata as 18.30 h..

ROMARÍA DE SAN BLAS DE VEIGA

Actuación da Orquestra Fania. Comparsas, premios aos mellores choqueiros. Testamento. Xantar popular.

MARTES 25 DE FEBREIRO

Centro Social “O Cruceiro” de Celas. 18.00 – 21.00 h.

Festa infantil de Entroido con obradoiro de maquillaxe.

VENRES 28 DE FEBREIRO

Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.30 h:

Contacontos coa Dragona Ramona: *Kevin*.

Nenos/as a partir de 3 anos. Entrada libre.

SÁBADO 29 DE FEBREIRO

Centro Social de Almeiras. 18.30 – 20.30 h.

Festa infantil de Entroido con obradoiro de maquillaxe.”

2.2.4.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Medio ambiente, obras e servizos:

- Resolución núm. 252 de data do 14/02/2020, pola que se aproba o Plan de seguridade e saúde da obra “Instalación de césped artificial y adecuación de perímetro en campo de fútbol 'Os loureiros' – Almeiras”.
- Resolución núm. 253 de data do 14/02/2020, pola que se informa favorablemente a autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo con matrícula 8198HVH, á licenza municipal de taxi número 18.
- Resolución núm. 254 de data do 14/02/2020, pola que se ordena á M. del C. L. S., como propietaria, a realización nos terreos coa referencia catastral 15031A01200355, á limpeza e roza para as debidas condicións de seguridade e salubridade.

Código do documento	Código do expediente
USG14I0080	USG/2020/42
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4R53 2G34 6Z1M 3B4S 0N1T	

- Resolución núm. 255 de data do 14/02/2020, pola que se ordena á D. S. G., como propietaria, a realización nos terreos coa referencia catastral 15031A01500111, á limpeza e roza para as debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución núm. 267 de data do 18/02/2020, pola que se outorga unha licenza municipal para a instalación de terraza dun café – bar situado na R/. Conservatorio, á D. R. P. S.”

2.3.- CÉDULA DE NOTIFICACIÓN SENTENZA 383/2019, DO XULGADO DO PENAL NÚM. 3 DA CORUÑA, DITADA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO 306/2018.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 383/2019, do 12 de decembro de 2019, do Xulgado do Penal núm. 3 da Coruña, ditada no Procedemento Abreviado 306/2018, cuxo fallo di:

“Que debo condenar y condeno a J.M.T.N. como autor penalmente responsable de un delito de ROBO CON FUERZA EN LAS COSAS EN GRADO DE TENTATIVA, con la agravante de reincidencia, a la pena de un año y tres meses de prisión, con inhabilitación especial para el derecho de sufragio pasivo.

Se suspende la ejecución de la pena por plazo de dos años, condicionada a que no vuelva a delinquir y a que abone, en su caso, la responsabilidad civil.

El condenado indemnizará al Ayuntamiento de Culleredo en la cantidad que se acredite en ejecución de sentencia, por la ventana rota. Se aplicará en cuanto a los intereses lo dispuesto en el artículo 576 de la L.E.C.

Impongo al condenado el pago de las Costas.

Contra esta resolución, declarada firme en la vista por haberla consentido las partes, no se dará recurso alguno. (.../...)“

2.4.- SENTENZA DA SALA DO SOCIAL DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, RECURSO DE SUPPLICACIÓN 4966/2019.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza ditada pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de suplicación número 4966/2019 interposto por F.J.P.R. contra auto do Xulgado do Social núm. 2 da Coruña, cuxo fallo di:

“Que debemos desestimar y desestimamos el recurso de Suplicación interpuesto por la Dirección Letrada del trabajador-recurrente F.J.P.R., contra el auto del Juzgado de lo Social núm. DOS de los de A Coruña, de fecha 11 de junio de 2019, que desestima el recurso de reposición interpuesto contra el auto anterior de fecha 24 de abril de 2019, por el que se había acordado el archivo de la demanda de despido, confirmando íntegramente la resolución recurrida. (.../...)“

2.5.- SENTENZA 19/2020 DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 4 DA CORUÑA, PROCEDIMENTO ABREVIADO 140/2019.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 19/2020, do 6 de febreiro de 2020, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo no Procedemento Abreviado 140/2019, cuxo fallo di:

“ Desestimo el recurso contencioso administrativo interpuesto por AXA Seguros Generales, S.A., representada por el Procurador D. Marcial Puga Gómez frente al Concello de Culleredo, representado y bajo la dirección letrada de la Abogada, Doña Nieves Fuentes Bermejo contra la desestimación presunta por silencio del Concello de Culleredo de responsabilidad patrimonial formulada por AXA en fecha 22 de junio de 2018, nº registro entrada 6287. Se imponen las costas a la actora, dentro de los límites del último fundamento de derecho.

Código do documento	Código do expediente
USG14I0080	USG/2020/42
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4R53 2G34 6Z1M 3B4S 0N1T	

Contra la presente resolución podrá interponerse recurso de apelación en el plazo de quince días siguientes a la notificación de esta sentencia, (.../...)"

2.6. AUTO 16/2020 DO XULGADO DO SOCIAL NÚM. 5 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 281/2019.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local do auto, do 14 de febreiro de 2020, do Xulgado do Social núm. 5 da Coruña no Procedemento Ordinario 281/2019, que dispón ter por desistido a M.P.V. da súa demanda fronte ao Concello de Culleredo e o arquivo das actuacións unha vez que sea firme esta resolución.

2.7.- SENTENZA 24/2020 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 4 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 64/2018.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 24/2020, do 14 de febreiro de 2020, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 4 da Coruña no Procedemento Ordinario 64/2018, cuxo fallo di:

"Desestimo el recurso contencioso administrativo interpuesto por la entidad Gas Natural Servicios SDG, S.A., representada por la Procuradora Doña Elena Medina Cuadros, frente al Concello de Culleredo, representado y bajo la dirección de la Abogada Doña Nieves Fuentes Bermejo, contra la desestimación por silencio administrativo de las ocho reclamaciones, emitidas en concepto de facturación de suministro de gas y no abonadas por el Ayuntamiento de Culleredo por un importe total de 35.558,59 euros. Se imponen las costas a la actora, dentro de los límites del último fundamento de derecho.

Contra la presente resolución podrá interponerse recurso de apelación en el plazo de quince días siguientes a la notificación de esta sentencia, (.../...)"

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e dous minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde-presidente
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H